

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE SETEMBRO DE 2021**

Ás 10:00 horas do día 13 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
 D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
 D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
 D<sup>a</sup>. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste a todos os puntos agás o 11a e 11d)  
 D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11d)  
 D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)**

A secretaria informa aos membros da Mesa dos licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
2. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (proposición presentada o 08-09-2021 ás 15:33 h.)
3. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (proposición presentada o 08-09-2021 ás 18:22 h.)
4. UTE DRAGADOS – PETROLAM INFRAESTRUTURAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5. UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. Y ORECO, S.A.U.
6. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
7. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
8. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
9. UTE CONSTRUCCIONES RAMÍREZ - ARIAS
10. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L./CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

Pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación dá conta do escrito presentado polos representantes de CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. e de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) de data 9 de setembro de 2021 (documento nº 210184889) no que solicitan "Que se tenga como admitida a la presente licitación la entrega realizada el día 08 de septiembre de 2021 a las 18.22 horas, y que quede sin validez, acorde a las indicaciones de la Plataforma de Contratación la realizada con anterioridad".

Á vista das proposicións presentadas, a Mesa acorda non admitir á UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. neste procedemento por ter presentado dúas proposicións, non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición. Así o establecen tanto o artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público como a cláusula 13.6 do PCAP. A infracción desta norma dá lugar á non admisión de todas as propostas subscritas pola UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (entre outras, resolución nº 137/2021 do 9 de xullo de 2021 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia).

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores presentados, agás da UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
  2. UTE DRAGADOS - PETROLAM INFRAESTRUTURAS (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
  3. UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - ORECO, S.A.U. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
  4. OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.
  5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  6. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
  7. UTE CONSTRUCCIONES RAMÍREZ - ARIAS INFRAESTRUTURAS (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
  8. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

#### 4.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da rúa Gran Vía, entre as rúas Venezuela e Nicaragua (fase II)" (959-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o técnico medio en Topografía, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 7 de setembro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" así como o informe que rectifica o anterior de data 9 de setembro de 2021. A Mesa acepta por unanimidade o informe do 9 de setembro.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.687.464,46 €
2	ORECO, S.A.U.	1.722.168,59 €
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.597.348,76 €
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.712.773,55 €
5	UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ	1.742.876,09 €
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.683.438,02 €

Asisten á apertura D.FELIPE CARRASCOSA con DNI \*\*.09.54, en representación de CIVISGLOBAL, S.L.U.; D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI \*\*.13.54\*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN; e D<sup>a</sup>. PAULA SOUTO GARCÍA, con DNI \*\*.04.04\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 8 de setembro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliábel mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda propoñer a exclusión de SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, ao abeiro do previsto na resolución nº 242/2019 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía, do 25 de xullo de 2019 que sostén a posibilidade de corrixir os erros detectados na tramitación dos procedementos con carácter previo á adxudicación para os efectos de evitar un recurso innecesario contra esta (artigo 44.3 da LCSP), por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa costa da Gándara-Beade" (704-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L.	90,04
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	83,81
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	83,44



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	81,30
5	AVAN INTEGRAL S.L.	79,77
6	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	61,24

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ROCAS GRANÍTICAS DEL CONDADO, S.L. (B-36.805.679), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) (proposta de adxudicación lote 1 e proposta de declaración de deserto lote 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que con data do 26 de agosto de 2021 se notificou a resolución de clasificación e o requirimento da documentación do artigo 150.2 da LCSP a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2). Dentro do prazo concedido só PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) presentou documentación.

Unha vez cualificada, a Mesa acorda conceder un prazo de tres días a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. para que poida emendar a solvencia técnica de acordo co esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP “*Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado [...] Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación*”. Entre os subministros achegados o de Megodeza, S.L.U non se pode ter en conta na súa totalidade porque algunhas facturas son posteriores ao 20 de xullo de 2021 (último día do prazo de presentación de ofertas). Respecto do informe do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña asinado o 7 de setembro de 2021



(fóra do prazo de presentación de ofertas), non indica as datas exactas de realización do subministro polo que non se pode comprobar se foron realizados dentro do prazo.

Por outra banda, o 10 de setembro, fóra do prazo concedido, INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. presenta documentación alegando "Indicamos que hemos tenido un problema en el servidor central que ha afectado a toda la empresa. Por lo que no se pudo presentar la documentación antes de la fecha requerida. El problema ha sido subsadado y procedemos al envío de la documentación. Solicitamos que se tenga en cuenta la documentación presentada para seguir con la adjudicación del Expte. 6408/213. Lote 2".

A Mesa toma coñecemento do citado escrito e, ao abeiro do previsto no citado artigo 150.2, entende retirada a oferta de INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. e acorda, por unanimidade, formular ao órgano de contratación a seguinte proposta

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) (lote 2)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 1 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro dos equipos autónomos de respiración e hidrolavadoras para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 2 de xuño de 2021.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 8 de xuño de 2021.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 239.569,88 euros, do que 41.578,24€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606290000 "Adquisición de equipos de respiración, hidrolavadora" do presuposto municipal vixente.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** O concelleiro delegado de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordos da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño e 5 de setembro de 2019 e resolución da Alcaldía do 23 de agosto de 2021), o 26 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) na seguinte orde descendente:*

*Lote 1: Equipos autónomos de respiración*

Orde	Licitador	Prezo
1	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	194.205,00€

*Lote 2: 2 Hidrolavadoras*

Orde	Licitador	Prezo
1	INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L.	39.076,95 €

**Segundo.-** *Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2) (B-85.885.812), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lote 1) (B-36.112.043) e INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. (lote 2), o día 26 de agosto de 2021.

Durante o prazo concedido INDUSTRIAL GLOBAL SUPPLY, S.L. non presentou documentación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS



**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Segundo o disposto no artigo 150.2 da LCSP, *"de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se tivera constituído, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71"*.

Neste caso *"procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas"*. Ao non haber máis licitadores clasificados neste lote, cómpre declaralo deserto.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o lote 2 "Dúas hidrolavadoras" do procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.408-213) porque a Mesa de Contratación entendeu retirada a oferta do único licitador clasificado no lote por non cumprimentar o requirimento do artigo 150.2 da LCSP no prazo sinalado"*.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DOS SERVIZOS DA RÚA SEVERINO COBAS DENDE A RÚA BOUCIÑA ATA A AVDA. RAMON NIETO", redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos, María Ferreiro Núñez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14.05.2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON DOCE CÉNTIMOS" (439.757,12 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 76.321,48 €.*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190006 "Plan De Beirarrúas En Barrios", segundo a distribución de anualidades proposta:*

2021	439,757.12 €
------	--------------

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** O concelleiro delegado de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordos da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño e 5 de setembro de 2019 e resolución da Alcaldía do 23 de agosto de 2021), o 26 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97.62
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94.35
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93.86
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	93.17
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	91.25



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Orde	Licitador	Puntuación total
6	ORECO, S.A.U.	85.52
7	NAROM, S.L.	79.00
8	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	71.15

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 26 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 8 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de datas 4, 5 e 9 de agosto de 2021 e do informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 13 e 15 de agosto de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas e renovación dos servizos da rúa Severino Cobas dende a rúa Bouciña ata a avda. Ramón Nieto" (862-441) por un prezo total de 343.626,22 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.637,61 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441)

### **ANTECEDENTES**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Primeiro.-** Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS", redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de xuño de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS" (3.758.772,64 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 652.348,97 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 15326190019 "Obras Paseo Bouzas", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	3.758.772,64 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ORECO, S.A.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de agosto de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,67
2	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	93,41
3	UTE CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	92,47



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Orde	Licitadores	Puntuación total
4	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,47
5	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	85,95
6	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. - CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	83,59
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	64,65
8	OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.	56,21

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 6 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 9 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de agosto e 1 de setembro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de ORECO, S.A.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de agosto de 2021, adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021.*
2. *Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación das obras para a execución do proxecto de "Rexeneración do paseo do fronte marítimo da vila de Bouzas" (875-441) por un prezo total de 3.167.141,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 549.669,24 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

#### **d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do contrato de SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 21 de maio de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de xuño de 2021.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 170.000,00€, que inclúe un IVE de 29.504,13€, o cal se imputará á partida 1710.6090000 "Mobiliario Urbano", distribuído nas seguintes anualidades:*

ANUALIDADES	LOTE I	LOTE II	LOTE III	ORZAMENTO ANUAL
2021	25,000.00 €	5,000.00 €	20,000.00 €	50,000.00 €
2022	35,000.00 €	5,000.00 €	20,000.00 €	60,000.00 €
2023	35,000.00 €	5,000.00 €	20,000.00 €	60,000.00 €
<b>TOTAL LOTES:</b>	<b>95,000.00 €</b>	<b>15,000.00 €</b>	<b>60,000.00 €</b>	
<b>ORZAMENTO TOTAL (IVE engadido):</b>				<b>170.000,00 €</b>

**TERCEIRO.-** *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) na seguinte orde descendente:*

**Lote 1:**

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100,00
2	BENITO URBAN, S.L.U.	91,07



3	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	88,16
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	41,77

Lote 2:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	100,00
2	BENITO URBAN, S.L.U.	91,06
3	PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A.U.	88,16
4	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	41,83

Lote 3:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	100,00

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541), o día 20 de agosto de 2021.

Ambos os dous licitadores presentaron documentación dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 9 de setembro de 2021 concedeu un prazo de tres días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada.

Durante o prazo concedido os licitadores presentaron documentación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.





Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 12 de agosto de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (lotes 1 e 2) (B-24.572.554) e ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541)

*"Adxudicar a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (B-24.572.554) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) coas seguintes condicións:*

- Lote 1

a) O prezo total do lote 1 é de 95.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.487,60 euros, cunha porcentaxe de desconto do 22,50% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no punto 2 do PPT .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- b) *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto no apartado 5 do PPT dos materiais a subministrar de 15 días.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido no apartado 6 do PPT en 18 meses.*

- Lote 2:

- a) *O prezo total do lote 2 é de 15.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.603,31 euros, cunha porcentaxe de desconto do 22,50% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no punto 2 do PPT .*
- b) *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto no apartado 5 do PPT dos materiais a subministrar de 15 días.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido no apartado 6 do PPT en 18 meses.*

*Adxudicar a ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (lote 3) (A-46.609.541) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario urbano (48.950-446) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total deste é de 60.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.413,22 euros, cunha porcentaxe de desconto do 2,17 % a aplicar aos prezos unitarios relacionados no punto 2 do PPT .*
- b) *Propón unha redución do prazo de entrega máximo previsto no apartado 5 do PPT dos materiais a subministrar de 15 días.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía exixido no apartado 6 do PPT en 18 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:16	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFAF47-5ED5CC-3H5BE9-P9QPPR-NRZ2WH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		